

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 1 DE XULLO DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

#### **PROXECTOS DE LEI**

##### **CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE**

- Proxecto de Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia.

#### **DECRETOS**

##### **CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Vigo da estrada provincial EP-2003 Coruxo-Canido, desde o p.q. 0+000 ao p.q. 1+624.

#### **ACORDOS**

##### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se solicita ditame do Consello Consultivo de Galicia sobre a interposición do recurso de inconstitucionalidade en relación coa Lei Orgánica 1/2024, do 10 de xuño, de amnistía para a normalización institucional, política e social en Cataluña.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia, a Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés e os concellos integrantes da Mancomunidade, para actuacións de mellora paisaxística e de promoción do Camiño Francés por importe total dun millón trinta e oito mil oitocentos euros (1.038.800,00€).
- Acordo polo que se toma razón do Manifesto conxunto da Xunta de Galicia e da Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal (IP): Conexión Galicia-Portugal de alta velocidade: unha prioridade evidente.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto que ten por obxecto a contratación, polo procedemento aberto, tramitación ordinaria, suxeita á regulación harmonizada e adjudicación baseada nunha pluralidade de criterios, do servizo de asistencia técnica para o seguimento e xestión do Plan de Transporte Público de Galicia, polo importe de licitación de dous millóns oitenta e un mil cincocentos cincuenta e nove euros con setenta e seis céntimos (2.081.559,76€), IVE incluído, e cun valor estimado do contrato de dez millóns trescentos vinte e un mil setecentos oitenta e tres euros con noventa e dous céntimos (10.321.783,92€).

## **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Deputación Provincial de Pontevedra en relación coa prestación do servizo de comedor escolar ao Centro de Educación Especial Pontevedra en Pontevedra, polo importe máximo de vinte e tres mil novecentos vinte e tres euros con vinte céntimos (23.923,20€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e Aceesca, Asociación de Apoyo a Personas con Diversidad Intelectual, para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar do alumnado con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de dezasete mil novecentos corenta e dous euros con corenta céntimos (17.942,40€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines, Amencer-Aspace para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos con discapacidade en tres centros educativos radicados na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de trinta e un mil douscentos setenta e un euros con catro céntimos (31.271,04€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e Amicos, Asociación para a atención e integración de persoas con discapacidade intelectual, autismo, parálise-dano cerebral e as súas familias, para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de quince mil trescentos setenta e nove euros con vinte céntimos (15.379,20€).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación Autismo Ourense para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia de Ourense, polo importe máximo de cinco mil cento vinte e seis euros con corenta céntimos (5.126,40€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades, Formación Profesional e a Asociación Benéfica y Social de Padres y Amigos La Esperanza del Valle Miñor para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de dezasete mil novecentos corenta e dous euros con corenta céntimos (17.942,40€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación Nuestra Señora de Chamorro para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de cinco mil cento vinte e seis euros con corenta céntimos (5.126,40€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación San Xerome Emiliani para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de dez mil douscentos cincuenta e dous euros con oitenta céntimos (10.252,80€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (Aspace) para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de dezaioito mil catrocentos cincuenta e cinco euros con catro céntimos (18.455,04€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación de Pais de Persoas con Trastornos de Espectro Autista (TEA) da provincia da Coruña (Aspanaes) para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos con discapacidade en catro centros educativos radicados na provincia da Coruña, polo importe máximo de sesenta e oito mil setecentos cincuenta euros con setenta e dous céntimos (68.750,72€).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación en favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la provincia de Pontevedra (Aspanaex) para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de once mil douscentos setenta e oito euros con oito céntimos (11.278,08€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (Aspronaga) para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de trinta e cinco mil oitocentos oitenta e catro euros con oitenta céntimos (35.884,80€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Fundación Menela para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de vinte e un mil cincocentos trinta euros con oitenta e oito céntimos (21.530,88€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Hogar y Clínica San Rafael de Vigo para posibilitar o uso do servizo de comedor do alumnado con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de cinco mil cento vinte e seis euros con corenta céntimos (5.126,40€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Vilalba para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo radicado no concello, polo importe máximo de cincuenta e oito mil setecentos corenta euros (58.740,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Manzaneda para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo radicado no concello, polo importe máximo de trinta e sete mil douscentos dous euros (37.202,00€).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Oroso para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo radicado no concello, polo importe máximo de sesenta e catro mil seiscentos catorce euros (64.614,00€).
- Acordo polo que se autoriza a concesión de subvencións por importe superior a 3.000.000,00€ derivadas da Resolución do 29 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o fortalecemento e a ampliación das capacidades dos centros tecnolóxicos galegos mediante o apoio á creación e mellora de infraestruturas de investigación e de ensaio e experimentación no marco da RIS3 Galicia 2021-2027, susceptibles de ser cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024.

## CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación Gallega de Asociacións en favor de las Persoas con Discapacidad Intelectual o del Desarrollo (Fademga Plena Inclusión Galicia), para o financiamento dos programas de atención a persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e ás súas familias, e do mantemento de Fademga Plena Inclusión Galicia e das súas entidades federadas para o exercicio 2024. Importe: douscentos corenta e seis mil cincocentos euros (246.500,00€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación de Padres, Profesionales y Amigos de Personas con Discapacidad Intelectual *Special Olympics Galicia* para o mantemento da entidade e a promoción da integración social dirixida ás persoas con discapacidade intelectual de Galicia e ás súas familias mediante a realización de actividades deportivas adaptadas, de lecer, formativas e de promoción do voluntariado para o exercicio 2024. Importe: cento noventa e nove mil catrocentos corenta e tres euros (199.443,00€).
- Acordo polo que se toma razón do Programa de investimentos para o mantemento da Rede galega de acollemento para mulleres vítimas de violencia de xénero e de trata con fins de explotación sexual para o ano 2024.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se toma razón das medidas de impulso do sector mineiro, instrumentadas a través de convenios coas entidades e asociacións máis representativas do sector, no marco da *Axenda de impulso da minaría sustentable de Galicia (AMSG) 2030*.
- Acordo polo que se autoriza a superar o límite e eximir da constitución de garantías no pagamento anticipado derivado da Resolución pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) que aproba as bases reguladoras das axudas extraordinarias á industria da automoción en Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 en réxime de concorrencia non competitiva, por un importe total de dezaioito millóns de euros (18.000.000,00€).

### CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación mediante acordo marco, cun único empresario, da subministración de servidores destinados a propósitos xerais e en distintos formatos que serán instalados nos centros de procesos de datos corporativos da Xunta de Galicia (expte. AMT-2023-0148) por un orzamento total de trinta e tres millóns seiscentos vinte e catro mil trescentos corenta e cinco euros con sete céntimos (33.624.345,07€) IVE incluído, e un valor estimado de vinte e sete millóns setecentos oitenta e oito mil setecentos catorce euros con noventa e tres céntimos (27.788.714,93€).

### CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas, e definitivamente o proxecto de trazado Adaptación dos camiños de servizo previstos no proxecto Reformulación treito PO-350 - Goián. Vía de alta capacidade (VAC) Tui-A Guarda. Mellora da seguridade viaria (MSV) da estrada PO-552, punto quilométrico (p.q.) 57+760 a 59+860, ás necesidades de mobilidade municipal e o trámite de información pública e informe das administracións afectadas do proxecto de trazado Reformulación do treito PO-350-Goián. Vía de alta capacidade (VAC) Tui-A Guarda. MSV da estrada PO-552, puntos quilométricos (pp.qq.) 57+760 a 59+860.
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación da obra de urbanización do polígono 2 fases A e B do plan parcial de Navia, Vigo, expediente P-VIGONAV-PUR2-OB, cun orzamento de licitación de dezaseis millóns trescentos sesenta e oito mil novecentos setenta e cinco euros con catro céntimos (16.368.975,04 €), IVE incluído, e un valor estimado de trece millóns cincocentos vinte e oito mil setenta e oito euros con cincuenta e cinco céntimos (13.528.078,55€).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a contratación para a subministración sucesiva de material de tubos de extracción de sangue por baleiro e sistema de control da rastrexabilidade de mostras e neveiras-contedores con destino a distintas áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, por un importe de tres millóns trescentos trinta e seis mil trescentos noventa e cinco euros con sesenta e cinco céntimos (3.336.395,65€), IVE incluído, e un valor estimado de cinco millóns cento corenta e sete mil cincuenta e seis euros con vinte oito céntimos, sen IVE (5.147.056,28€).
- Acordo polo que se aproba o Plan de reforma, modernización, accesibilidade, adaptación e adecuación das bases e das infraestruturas da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 (Horizonte 2024-2026), por importe de dous millóns vinte e cinco mil euros (2.025.000 €).

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Consorcio Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (Citmaga) para creación de xemelgos dixitais para o estudo e predición da circulación de aire no interior de monumentos, no ámbito do programa Retech (Redes territoriais de especialización tecnolóxica), e no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU), por importe total de cento sesenta e dous mil euros (162.000,00€).

### **CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**

- Acordo polo que se toma razón do Convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e o Clúster do ECOMMERCE galego para a realización do Programa de formación en ECOMMERCE dirixido a persoas emprendedoras, integrado no Programa anual de actividades do centro de orientación, emprendemento, acompañamento e innovación para o emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU.

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se toma razón da tramitación e pagamentos das axudas agroambientais da política agraria común (PAC).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Defensa e a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, para a prevención de incendios forestais en Galicia durante a campaña 2024, por importe de catrocentos sesenta e nove mil seiscentos catro euros con corenta e un céntimos (469.604,41€).

### **CONSELLERÍA DO MAR**

- Acordo polo que se toma razón das axudas concedidas a proxectos colectivos para a modernización e mellora dos equipamentos e das infraestruturas dos portos pesqueiros, dos lugares de desembarque, das lonxas e dos ancoradoiros.

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Informe sobre os incrementos salariais do persoal ao servizo do sector público autonómico no período 2022-2024.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre o Acordo marco de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde en materia de violencia ou agresión sexual e para a realización doutras actividades de interese sanitario.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA PREVÉ APROBAR A LEI DE CULTURA INCLUSIVA E ACCESIBLE DE GALICIA A FINAIS DESTA ANO

- O texto foi avaliado polo Consello de cara a retomar a súa tramitación, paralizada por mor das pasadas eleccións autonómicas e a disolución do Parlamento
- A normativa supón a primeira vez que en Europa se regula o acceso á cultura desde a perspectiva da inclusión e afonda na eliminación de barreiras físicas, cognitivas, comunicativas, sociais ou territoriais
- O seu obxectivo é favorecer a participación na cultura, xa sexa desde a perspectiva do consumo ou da creación, de todas as persoas, especialmente as que se encontran en situación de desvantaxe por diversos factores

O Goberno galego prevé que a nova Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia entre en vigor a finais deste ano. Así se deu conta hoxe no Consello da Xunta, no cal se avaliou o texto de cara a retomar a súa tramitación final, que quedara paralizada pola disolución do Parlamento con motivo da celebración das últimas eleccións autonómicas.

Neste sentido, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude reactiva as xestións para que Galicia conte definitivamente cunha lei, pioneira en Europa, que garanta o acceso á cultura de todas as persoas eliminando as barreiras físicas, cognitivas, comunicativas, sociais ou territoriais.

Este regulamento abrangue dúas perspectivas referidas á participación na vida cultural nun sentido amplo. Por unha banda, refírese ao acceso e disfrute da cultura, e, por outra, enfócase na vertente creativa e xeradora de proxectos. Desta maneira, incide en facilitar os servizos e produtos a todo tipo de persoas, sexan cales sexan as súas condicións, e tamén en dar visibilidade ao talento artístico daquelas persoas creadoras que ás veces, por distintas circunstancias, se encontran en situación de desvantaxe.

Entre as medidas que inclúe a lei está a preservación da venda de entradas en despachos de billetes cando a tipoloxía de público así o requira, os descontos ou gratuidades para as persoas máis desfavorecidas ou o uso de formatos móbiles e itinerantes co fin de ofrecer unha programación de calidade nas zonas rurais.

Cómpre lembrar que esta proposta de lei é o resultado dun proceso previo de reflexión no cal tiveron lugar sete mesas de traballo coa colaboración de máis de 50 entidades do sector e que versaron sobre a infancia, a igualdade, a xuventude, as persoas maiores, as institucións e as industrias culturais. Ademais destas xuntanzas, a norma recibiu 11 achegas de distintas entidades unha vez exposta a consulta pública. A estas achegas sumáronse varios informes de distintos departamentos da Xunta.

#### **Risco de exclusión cultural**

Este é un texto pioneiro que, por primeira vez en Europa, regula o dereito de acceso á cultura desde a perspectiva da inclusión e da accesibilidade, sendo estes os principios

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

básicos sobre os cales se sustenta o contido da normativa. Nesa liña de acción, o texto recolle unha vintena de artigos destinados a todas as persoas nos cales se presta especial atención a aquelas que se encontran en situación de desvantaxe.

Entre outras condicións, considéranse factores de risco de exclusión cultural as limitacións por zona de residencia, encontrarse cun déficit grave de recursos económicos, contar cunha discapacidade ou estar en situación de dependencia, ser unha persoa desempregada, ser vítima de violencia de xénero, estar en proceso de rehabilitación social ou pertencer a unha minoría étnica.

### **Liñas de acción**

No tocante á creación, a lei recolle medidas centradas en fomentar as manifestacións culturais en todas as súas vertentes e desde todo tipo de persoas. Para iso, prevese a creación de liñas de estímulo que reparen na perspectiva de xénero, na diversidade social e na realidade xeográfica de Galicia, permitindo así unha maior participación de colectivos que, polas súas características, teñan máis dificultades para participar activamente nas actividades de creación cultural.

Neste sentido, as medidas e programas deberán contribuír a reducir a discriminación das mulleres, a paliar o déficit de produción cultural feminina e a garantir que a aprendizaxe, a dinamización e o uso da lingua galega sexan plenamente accesibles para toda a cidadanía ao longo da vida. O texto tamén reflicte a necesidade de adaptar as actividades a todo tipo de públicos mediante distintos recursos e ferramentas, como son subtítulos, linguaxe de signos ou sesións descontraídas.

Un dos puntos importantes é a tecnoloxía, tanto polo impulso do seu uso, sobre todo para fomentar a dixitalización de todo tipo de materiais e recursos, como no apoio ás persoas con maiores dificultades neste eido, garantindo o mantemento dos sistemas analóxicos para evitar calquera tipo de discriminación.

Así mesmo, a nova regulación ten en conta as distintas áreas de residencia de Galicia á hora de incidir na importancia de planificar programacións culturais que cheguen a todos os concellos, especialmente ás zonas rurais. Neste sentido, valora o uso de opcións como formatos móbiles ou itinerantes para impedir que a localización xeográfica limite o acceso á cultura por parte da cidadanía.

### **Seguimento e formación**

Ademais de ofrecer un marco estable desde o cal traballar para promover unha participación universal e efectiva, ao abeiro da lei prevese a creación (no prazo de dous anos desde a súa entrada en vigor) dun plan de accesibilidade e de inclusión cultural en que participen as entidades representativas dos colectivos especialmente previstos na normativa e se detalle a situación actual xunto coas melloras que cómpre realizar.

Tamén se prevé a posta en marcha dun Observatorio da cultura inclusiva e accesible de Galicia que funcionará como un órgano colexiado, de asesoramento e participación

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

institucional, dependente da Consellería de Cultura, e participado por outros órganos e entidades, para velar polo seguimento da lei.

Nestas iniciativas asume un papel importante o terceiro sector de acción social (asociacións, fundacións, entidades sen ánimo de lucro), esenciais no camiño de sensibilizar e implicar a todas as persoas para conseguir unha sociedade máis igualitaria e xusta no eido da cultura. Para isto tamén se promoven accións formativas dirixidas ao persoal das dotacións culturais e a realización de campañas e outras accións de impacto que permitan xerar unha maior conciencia para que toda a cidadanía sexa partícipe neste ámbito do cal se ocupa a normativa.

### **Iniciativas xa en marcha**

O compromiso da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude de ofrecer un programa adaptado a todo tipo de públicos e que chegue a toda Galicia xa se vén demostrando con diversas iniciativas. É o caso do *CulturON*, a campaña que se acaba de lanzar e aglutina as actividades de verán do Goberno galego que se estenden a máis de 200 concellos, con especial sensibilidade no rural, e cunha oferta diversificada.

Entre as accións que xa responden ás premisas desta lei que está por tramitar está *A Furgoteca*, o servizo móbil de bibliotecas que funciona nos concellos do rural de Lugo e Ourense, ou programas como *Cultura no Camiño*, que enchen as zonas rurais dunha oferta cultural diversa e de calidade. Entre as iniciativas en marcha cómpre salientar tamén o sistema pioneiro de teatro inclusivo do Centro Dramático Galego no Salón Teatro, unha proposta que posibilita funcións con subtítulos ou audiodescripcións ou sesións con condicións especiais para persoas sensibles á luz, ao ruído ou á escuridade.

Ademais, recentemente, na Cidade da Cultura tivo lugar un proxecto piloto durante un concerto de Budiño en que persoas xordas ou con dificultades auditivas puideron mellorar a súa experiencia musical grazas a unhas mochilas vibratorias. Tamén nas instalacións do Gaiás se desenvolve o *Galiverso*, onde mediante tecnoloxías inmersivas e de realidade virtual se amosa o noso patrimonio a calquera persoa.

Neste contexto tamén destaca *Allure*, unha iniciativa europea liderada pola Xunta da cal xurdiu xa a aplicación CIMA, que transforma información sobre eventos culturais para facela máis accesible creando folletos baseados en textos sinxelos e pictogramas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE VIGO DA ESTRADA PROVINCIAL DO VAO

- Transfírese á entidade local a estrada provincial EP-2003 que, cunha lonxitude de algo máis de 1,6 quilómetros, comunica Coruxo e Canido
- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace ao decreto polo que se aproba a transferencia a prol do Concello de Vigo da estrada provincial do Vao.

Trátase da estrada provincial EP-2003, que comunica Coruxo e Canido, na súa totalidade, desde o seu inicio na PO-552 ata o seu final no punto quilométrico 1+624 no Vao.

O Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron un convenio en que estableceron a transferencia de titularidade desta vía, que discorre integramente polo termo municipal de Vigo.

A Axencia Galega de Infraestruturas, vistos os informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable á transferencia de titularidade dos algo máis de 1,6 quilómetros da EP-2003, ao seu paso pola parroquia de Coruxo.

A transferencia a prol do Concello de Vigo tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

O Departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello de Vigo terá a competencia para actuar nesta vía e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Plano da vía provincial obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA SOLICITA AO CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA QUE VALORE A POSIBILIDADE DE QUE O GOBERNO GALEGO RECORRA A LEI DE AMNISTÍA

- Entrega un completo análise da normativa que amosa as razóns para presentar un recurso de inconstitucionalidade
- Rueda salienta que a lei aprobada polo Goberno central contradí varios artigos da Carta Magna e ademais é arbitraria, choca contra o principio de igualdade e vulnera a separación de poderes

O presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Goberno autonómico acaba de solicitarlle ao Consello Consultivo de Galicia que emita un ditame sobre a posibilidade de que o Executivo galego "interpoña un recurso de inconstitucionalidade" contra a Lei orgánica 1/2024 de amnistía.

Tal e como explicou Rueda, a xurisdprudencia reconece o dereito das comunidades autónomas a interpoñer recursos de inconstitucionalidade non só para a defensa de competencias propias senón para o restablecemento da orde xurídica constitucional.

O presidente salientou que, tras un amplo traballo de documentación, o obxectivo da Xunta é poder recorrer a Lei aprobada polo Goberno central ao considerar a Asesoría Xurídica que esta Lei orgánica contradí artigos da Constitución como o 9.1, que establece que todos os cidadáns e poderes públicos estarán sometidos á Carta Magna e ao resto do ordenamento xurídico.

Ademais, Rueda fixo fincapé en que, segundo a Asesoría Xurídica, se trata dunha lei arbitraria, que choca frontalmente co principio de igualdade, que vulnera "o principio de separación de poderes" -ao deixar sen efecto decisións firmes adoptadas polo poder xudicial- e que atenta contra o principio de seguridade xurídica ao actuar nun eido tan "amplo e indeterminado".

A Xunta elevou un recurso ao Consultivo no que se analiza tanto a Lei no seu conxunto como individualmente os seus artigos e que conclúe que existen razóns para que a comunidade actúe na defensa do Estado de Dereito.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA COLABORA COS CONCELLOS E A MANCOMUNIDADE DO CAMIÑO FRANCÉS CON MÁIS DE 1M€ PARA MELLORAS PAISAXÍSTICAS E PARA REFORZAR A ATENCIÓN AO PEREGRINO

O Consello autoriza o convenio bianual que beneficia a Arzúa, Melide, Monterroso, Palas de Rei, Paradela, Pedrafita do Cebreiro, O Pino, Portomarín, Samos, Sarria e Triacastela

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura dun acordo de colaboración entre Turismo de Galicia, a Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés e os concellos integrantes desta entidade para acometer distintas actuacións de mellora paisaxística e de promoción deste itinerario xacobeo. A Administración autonómica inviste un total de 1.030.800 euros na execución desta colaboración en 2024 e 2025.

En concreto, as accións enmarcadas no convenio levaranse a cabo nos concellos de Arzúa, Melide, Monterroso, Palas de Rei, Paradela, Pedrafita do Cebreiro, O Pino, Portomarín, Samos, Sarria e Triacastela en colaboración coa Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés que os engloba.

O conxunto de actuacións que se recollen no acordo de colaboración suporá a mellora paisaxística e o embelecemento de bens e recursos que se encontren no Camiño Francés ao seu paso por estes municipios, de maneira que se garante unha boa acollida aos peregrinos que optan por esta ruta. Entre estas accións están as de valorización, mantemento, conservación, consolidación ou restauración dos bens que integran o patrimonio etnográfico de Galicia e a mellora dos puntos de contacto co trazado do camiño: valados, pavimentos nos puntos de acceso, instalación de áreas de descanso para peregrinos, entre outras. Ademais, o acordo tamén sufragará os gastos do persoal técnico das oficinas de turismo locais.

#### **Promoción e difusión da ruta**

No caso da liña de colaboración coa Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés, o convenio coa Xunta de Galicia financiará a contratación de persoal especializado na promoción e difusión do Camiño Francés, así como na posta en valor dos recursos desta ruta xacobeana en canto a embelecemento, sinalización, desenvolvemento destino SICTED, xestión da Mancomunidade na rede DTI, tarefas de xestión para a Mancomunidade, ou calquera outra que contribúa á promoción e posta en valor do Camiño Francés. Ademais, o acordo tamén recolle a realización dunha acción anual de promoción do Camiño Francés.

Esta colaboración dá continuidade á emprendida na última década e enmárcase no traballo da Xunta de Galicia recollida no Plan director dos Camiños de Santiago 2027 por conservar e manter os distintos itinerarios xacobeos e colaborar para o seu embelecemento e promoción. No caso do Camiño Francés, é o primeiro itinerario máis percorrido. En 2023, fixérona 219.798 persoas e no que vai de ano xa a percorreron máis

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de 100.000 peregrinos (o 47% da totalidade dos peregrinos que recolleron a Compostela).



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA APROBA O MANIFESTO QUE ASINARÁ MAÑÁ DE XEITO CONXUNTO COA CCDR-N PARA RECLAMAR O IMPULSO DO AVE ENTRE GALICIA E PORTUGAL

- Rueda resalta que a alta velocidade Vigo-Porto-Lisboa é “un asunto absolutamente capital” que contribúe á vertebración territorial e ao desenvolvemento social e económico de España e Portugal
- O texto foi remitido ás entidades territoriais da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, confederacións de empresarios, organizacións sindicais e outros organismos de cooperación transfronteiriza para a súa adhesión
- Demanda dar prioridade a saída sur de Vigo que permitiría conectar “nunha hora” esta cidade con Porto

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello aprobou hoxe o manifesto conxunto entre a Xunta e a Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional Norte de Portugal (CCDR-N), *Conexión Galicia-Portugal de alta velocidade: unha prioridade evidente*. O texto recolle unha clara defensa do impulso da liña de alta velocidade ferroviaria Vigo-Porto-Lisboa, ao considerarse “un asunto absolutamente capital” e unha infraestrutura estratéxica que contribúe á vertebración territorial e ao desenvolvemento social e económico de España e Portugal.

Tal e como explicou Rueda, o manifesto aprobado hoxe asinarase de maneira pública mañá na localidade portuguesa de Valença e “xa foi remitido nos últimos días para a súa adhesión” ás entidades territoriais da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, confederacións de empresarios, organizacións sindicais e outros organismos de cooperación transfronteiriza.

O apoio á conexión ferroviaria de alta velocidade entre Galicia e Lisboa -lémbrese no texto- xa fora aprobada en sucesivos cumios ibéricos entre os Gobernos de España e Portugal, nos que se recoñeceu a prioridade desta infraestrutura. No último cumio celebrada en marzo de 2023 en Lanzarote ambos executivos comprometéronse a potenciar as actuacións da infraestrutura, en especial o Corredor Atlántico.

Tamén o Goberno galego e o portugués renovaron este compromiso no encontro celebrado o pasado 23 de maio entre o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, e o ministro de infraestruturas luso, Miguel Pinto, xunto co presidente da CCDR-N, António Cunha. Nesta reunión fixouse a data de posta en servizo en 2032. “Faltan avances polo lado español que equilibren o manifestado polo Goberno portugués”, sinalou Rueda.

Ademais, a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal xa viña reclamando desde hai unha década a liña de alta velocidade Vigo-Porto-Lisboa, que tanto para a Xunta como para a CCDR-N supón unha actuación prioritaria.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por outra parte, o documento que se asinará mañá pon de manifesto a necesidade de que as conexións ferroviarias estean acompañadas do orzamento preciso e dun calendario realista que permita levar a cabo as obras nos prazos comprometidos. Polo tanto, requírese unha programación completa de actuacións, investimentos e fitos para desenvolver a conexión Vigo-Porto, dando prioridade á saída sur de Vigo. “Pedimos que Vigo e Porto queden conectadas por alta velocidade nun máximo dunha hora, e mentres non se cumpra este fito, no ano 2032” é preciso “mellorar o actual tren Celta”, apuntou o presidente da Xunta.

Así, entre outros asuntos recollidos no texto inclúese a necesidade de actualizar con urxencia este tren entre Vigo e Porto que non ofrece un servizo en óptimas condicións mentres non se materialice o Eixo Atlántico. O obxectivo é facer posible unha viaxe dun máximo dunha hora que actualmente se prolonga ás dúas horas e media e con material obsoleto.

Por último, incídese na prioridade da conexión da alta velocidade Galicia-Portugal sen prexuízo doutras conexións que tamén poden ter a súa razón de ser pero sempre que se afronten cunha visión ampla, integradora, estruturada e coordinada.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA AUTORIZA A NOVA CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA O SEGUIMENTO E XESTIÓN DO PLAN DE TRANSPORTE PÚBLICO DE GALICIA

- O Consello do Goberno galego aprobou a licitación por un importe superior aos 2M€ e cunha vixencia inicial de 12 meses prorrogables a catro anos
- Este instrumento de planificación e seguimento integra 127 concesións de transporte público, con 3.500 liñas, 54.000 paradas e 2,3 millóns de servizos anuais
- O obxectivo é garantir unha xestión ordenada e sistemática do elevado volume de servizos e de medios materiais humanos que implican as concesións, con constantes adaptacións ás necesidades reais da demanda

O Consello da Xunta autorizou hoxe a nova contratación da asistencia técnica para o seguimento e xestión do Plan de transporte público de Galicia, cunha vixencia inicial por 12 meses e cun importe de dous millóns de euros para ese período. A contratación é prorrogable ata 48 meses e o orzamento global chega aos 10,3 millóns de euros. O obxectivo é darlle apoio ao Goberno galego na xestión das actuais 127 concesións de servizos públicos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada, que integran unhas 3.500 liñas, 54.000 paradas e máis de 2,3 millóns de servizos anuais, dos cales 885.000 son integrados para garantir o dereito ao transporte escolar.

O contrato inclúe a xestión das concesións e dos pagamentos, o seguimento da explotación, a información xeral e xestión das reclamacións, queixas ou suxestións, elaboración de memorias e informes, colaboración no desenvolvemento de aplicacións tecnolóxicas e análise da calidade dos servizos.

Amplíase así a contratación realizada xa en 2019 para contar cun equipo multidisciplinar que xestione, de xeito ordenado e sistemático, o elevado volume de servizos e de medios materiais e humanos que implican as concesións, xa que supoñen constantes modificacións para adaptalos ás necesidades reais da demanda en cada momento.

A Xunta mantén en constante actualización o Plan de transporte público de Galicia como instrumento de planificación e seguimento. Así, renovouse e modernizouse a frota, incrementáronse os recursos e as ferramentas tecnolóxicas, ampliáronse as zonas atendidas e implantáronse tarifas únicas e bonificadas, entre outras medidas.

#### **Melloras implantadas**

Neste marco de acción, o Goberno galego levou o autobús regular a zonas onde non o había, grazas a un investimento de máis de 140 millóns de euros ao ano, incrementou o número de paradas ata 56.000 e de liñas a 3.500. Deste xeito, o 91% da poboación ten unha parada a menos de 500 metros da casa. Tamén se está apostar pola renovación da frota, cunha idade media de 5,7 anos fronte aos 11 de media estatal, a sustentabilidade dos vehículos, co 92% da frota ECO ou Euro VI, e a accesibilidade, xa que o 55% da frota ten prazas para persoas con mobilidade reducida.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por outra banda, o compromiso do Goberno galego, con mellores tarifas para os usuarios, materializouse na creación das áreas de transporte metropolitano. A medida supuxo integrar os diferentes sistemas de transporte baixo un sistema tarifario único e bonificado e con beneficios como transbordos gratuítos.

No tocante aos mecanismos de seguimento, o Sistema de axuda á explotación (SAE) que emprega a Xunta para dar resposta ás necesidades das persoas usuarias sitúa a Comunidade galega como pioneira en España na implantación desta ferramenta en todo o transporte interurbano. Neste eido estanse a impulsar novas funcionalidades e está en probas o sistema de información, que xa está accesible desde a web [www.bus.gal](http://www.bus.gal), ou a aplicación de transporte público de Galicia.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINA CASE 450.000€ AO COFINANCIAMENTO DE 17 COMEDORES ESCOLARES QUE DAN SERVIZO A 780 ALUMNOS**

- O Goberno galego incrementou este curso as partidas para estas colaboracións entre un 10 e un 20% para axudar a estas entidades a facer fronte á inflación
- Renóvanse os acordos con 13 asociacións especializadas na atención a persoas con discapacidades e coa Deputación Provincial de Pontevedra para 557 alumnos con necesidades
- Tamén se dá continuidade aos convenios cos concellos de Oroso, Manzaneda e Vilalba, a través dos cales se facilita o servizo a 223 escolares

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á renovación de 17 convenios de colaboración con diferentes entidades e concellos para o cofinanciamento do servizo complementario de comedor escolar. En total destinaranse case 450.000€ a través dos cales se atenderán 780 alumnos.

O Goberno galego incrementou este curso as partidas para estas colaboracións entre un 10 e un 20%, con especial fincapé na atención ás necesidades específicas de atención educativa, co fin de contribuír a que estas entidades fagan fronte á inflación.

O investimento máis importante ten como obxectivo facilitar o servizo de comedor adaptado aos alumnos con necesidades educativas específicas. Para iso, por una banda renóvanse os acordos para o curso 2024/25 con 13 asociacións especializadas na atención a persoas con discapacidades, cun investimento total de 264.067€ para os 517 usuarios destas entidades, 14 máis ca no curso anterior.

En concreto, asinaranse addendas aos convenios xa subscritos coa Asociación de Apoyo a Personas con Diversidad Intelectual (Aceesca), coa Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines (Amencer–Aspace), coa Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade Psíquica das Comarcas do Barbanza e Noia (Amicos), coa Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral–A Coruña (Aspace), coa Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista da Provincia da Coruña (Aspanaes), coa Asociación en Favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra (Aspanaex), coa Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (Aspronaga), coa Asociación Autismo Ourense, con Hogar y Clínica San Rafael de Vigo, coa Asociación BS La Esperanza del Valle Miñor, coa Fundación Menela, coa Asociación San Xerome Emiliani e coa Asociación Nuestra Señora de Chamorro.

O obxectivo destes acordos é facilitarlle a este alumnado o servizo de comedor adaptado ás súas particulares necesidades, de tal forma que as asociacións colaboradoras asumen a súa atención e coidado durante o período comprendido entre a fin das clases e o remate do servizo de comedor. Deste xeito, o alumnado pode aproveitar o carácter didáctico do comedor no que atinxe á aprendizaxe de habilidades que redunden nunha maior autonomía persoal e, polo tanto, nunha maior inclusión.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por outra banda, asinarase unha addenda ao convenio coa Deputación Provincial de Pontevedra para facilitar o servizo de comedor escolar a alumnos e coidadores do CEE Pontevedra (un centro pertencente á Consellería) en dependencias da residencia provincial situada na cidade infantil Príncipe Felipe e que depende do ente provincial.

Trátase, tamén neste caso, dun servizo de comedor axustado ás necesidades especiais deste alumnado. O importe é de 23.923,20 € para atender 40 usuarios.

### **Apoio aos concellos**

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP está a colaborar cos concellos que solicitaron a xestión dos comedores escolares de centros de ensino do seu municipio. Neste consello autorizouse a renovación dos acordos subscritos cos concellos de Oroso, Manzaneda e Vilalba para os cursos 2024/25 e 2025/26.

Deste xeito, cofinanciarase o servizo de comedor a 110 alumnos do CEIP Plurilingüe do Camiño Inglés (Oroso), a 38 do Colexio CEIP de Manzaneda e a 75 da Escola de Educación Infantil de Vilalba, neste último caso cun incremento de 30 usuarios respecto do curso 2023/24. O importe total ascende a 160.556€, o que supón un incremento de 14.685€ por ano académico.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APOIA CON 8 M€ A MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS DE INVESTIGACIÓN E ENSAIO DOS CENTROS TECNOLÓXICOS GALEGOS**

- O Consello da Xunta autoriza a resolución das axudas para fortalecer e ampliar as capacidades científico-tecnolóxicas dos centros tecnolóxicos Aimen, CETIM, CTAG e Gradiant mediante o apoio a investimentos
- O obxectivo é facilitar o seu crecemento potenciando a súa internacionalización e reforzar as súas actividades de transferencia cara ao tecido produtivo
- Esta terceira convocatoria de fortalecemento dos centros tecnolóxicos galegos, que inclúe por primeira vez tanto edificación como equipamento, contribuirá ao mantemento de 516 postos de traballo
- Desde a posta en marcha deste programa en 2018 apoiáronse en total 19 proxectos con axudas por 17 millóns de euros, mobilizando 35 millóns de euros

A Xunta vai apoiar a mellora das infraestruturas de investigación e ensaio de catro centros tecnolóxicos galegos con 8M€, do cal se deu conta hoxe no Consello da Xunta, e autorizar dúas delas por superar os 3M€ de axuda pública. A actuación, cofinanciada pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, busca apoiar os investimentos neste eido dos centros tecnolóxicos Aimen, CETIM, CTAG e Gradiant. Esta terceira convocatoria permitirá mobilizar ao redor de 16 M€, o que contribúe ao mantemento de 516 postos de persoal altamente cualificado.

Con esta liña de axudas, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a través da Axencia Galega de Innovación, apoia a creación e ampliación das infraestruturas de investigación e experimentación de catro centros tecnolóxicos galegos, cubrindo desde a adquisición de terreos e equipamento ata a construción ou ampliación de edificacións e activos inmateriais.

O obxectivo destas axudas é reforzar as capacidades científico-tecnolóxicas dos centros tecnolóxicos e centros de apoio á innovación galegos para acadar unha I+D+i pioneira capaz de atraer talento e investimento privado, mellorando o posicionamento galego a nivel internacional, e facilitar o seu crecemento, excelencia e actividades cara ao tecido produtivo. Ademais, os proxectos están orientados á xeración de capacidades nos ámbitos estratéxicos da Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia, evitando solapamentos coas infraestruturas xa existentes e favorecendo sinerxías entre elas.

Cada solicitude inclúe un plan de explotación adaptado ao tipo de infraestrutura, que permitirá comprobar a súa sustentabilidade financeira e estimar o seu impacto potencial no ecosistema galego de innovación. A intensidade dos apoios é a máxima permitida para este tipo de axudas: o 50 %.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Infraestruturas apoiadas**

No caso de Aimen, que recibirá algo máis de 3,2M€, realizará un investimento de 6,4M€ destinado á construción dun novo centro de fabricación intelixente no Porriño, onde se lanzarán novas liñas de infraestruturas singulares de fabricación avanzada e sustentable e de dixitalización punteiras en ámbitos de grande impacto para Galicia, como o transporte, a enerxía e a construción, e se reforzarán e fortalecerán as xa existentes.

O CETIM, con sede en Culleredo e que recibirá ao redor de 442.000 euros, investirá 883.000 euros na mellora da súa excelencia científica e de investigación no eido da economía circular, focalizando os esforzos nos seis ámbitos de investigación estratéxica do centro: baterías, augas, hidróxeno verde, polímeros sustentables, materiais de construción sustentable e industria sustentable.

O CTAG, que obtén unha axuda de 4M€, realizará un investimento de 8M€ en infraestruturas de investigación no Porriño asociadas ás liñas de investigación da mobilidade autónoma, conectada, segura e ecolóxica que caracterizan o futuro da industria do automóbil.

Por último, Gradient, cun apoio de preto de 263.000 euros en Vigo, ten como obxectivo a adquisición e a posta en marcha dunha infraestrutura de investigación e computación a baixa escala para a realización de actividades de I+D en tecnoloxías de alto impacto e potencial de aplicación en diversos ámbitos, cun orzamento total de preto de 526.000 euros. En concreto, as ditas actividades propoñen a investigación en tecnoloxías cuánticas, micronanoelectrónica e fotónica, computación confidencial, análise multimedia, tecnoloxías da linguaxe e, en xeral, intelixencia artificial aplicada.

### **Balance desta liña de axudas**

En total, a través das tres convocatorias desta liña de axudas (2018, 2020 e 2024) apoiáronse 19 proxectos con axudas por importe de 17 millóns de euros, mobilizando 35 millóns de euros. Pero non son as únicas destinadas a estes entes e, de feito, desde o ano 2009, o Goberno autonómico destinou preto de 26 M€ en apoios aos centros tecnolóxicos galegos a través de financiamento basal e diferentes programas de concorrencia competitiva. Estas infraestruturas ocupan unha posición destacada no ecosistema galego de I+D+i, pois o seu papel é esencial na transformación da economía polo seu potencial para xerar vantaxes competitivas no tecido empresarial.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINA PRETO DE 450.000 EUROS A DOUS CONVENIOS CON FADEMGA PLENA INCLUSIÓN E SPECIAL OLYMPICS GALICIA**

Este investimento dá continuidade á colaboración con estas entidades que traballan polo benestar das persoas con discapacidade intelectual e das súas familias

O Consello da Xunta deu luz verde esta mañá á sinatura de dous convenios de colaboración con Fademga Plena Inclusión e Special Olympics Galicia, entidades que traballan no ámbito da atención ás persoas con discapacidade intelectual e ás súas familias. A Consellería de Política Social e Igualdade destinará preto de 450.000 euros durante este ano 2024 a garantir os programas e servizos que prestan estas dúas entidades e dos cales se benefician máis de 6.000 persoas.

Estes acordos forman parte da aposta decidida do Executivo autonómico por seguir traballando de maneira coordinada co terceiro sector para que Galicia sexa unha comunidade cada vez máis amable e integradora para todos. Con este obxectivo, a Xunta financia máis de 5.000 prazas en residencias e centros de día por medio do concerto social, xa en vigor, e nas cales inviste ao ano máis de 100 millóns de euros.

O Goberno galego tamén reforzou o seu apoio ás entidades co incremento da orde de axuda para a adquisición de vehículos ou a liña de achegas para que poidan construír ou ampliar os seus centros e desenvolver novos programas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINA ESTE ANO MÁIS DE 800.000 EUROS Á REDE GALEGA DE ACOLLEMENTO PARA VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO E VÍTIMAS DE TRATA E EXPLOTACIÓN SEXUAL**

- Esta rede pública de protección conta con 84 prazas distribuídas en sete casas de acollida situadas na Coruña, Ourense, Ferrol, Lugo, Vigo, Burela e Chantada
- En 2023, un total de 142 mulleres e 91 menores fixeron uso destas vivendas seguras
- Nestes centros facilítase un apoio integral e foméntase a autonomía persoal das vítimas, así como a súa saída do círculo de violencia

O Executivo autonómico destinará este ano preto de 830.000 euros aos distintos recursos que conforman a Rede galega de acollemento para mulleres vítimas de violencia de xénero e tamén mulleres vítimas de trata e explotación sexual. O Consello da Xunta deu conta hoxe do programa de investimentos nesta rede, que actualmente conta con 84 prazas distribuídas en sete casas de acollida situadas na Coruña, Ourense, Ferrol, Lugo, Vigo, Burela e Chantada.

Nestas vivendas seguras proporcionánselles aloxamento, manutención e atención integral ás mulleres e aos seus fillos e fillas, e funcionan baixo a coordinación do Centro de Recuperación Integral de vítimas da violencia de xénero (CRI) dependente da Consellería de Política Social e Igualdade. En 2023, un total de 142 mulleres e 91 menores foron atendidos nesta rede pública de protección, e no que levamos de ano fixeron uso dela 48 mulleres e 26 menores.

Ademais, a Rede galega de acollemento dispón de recursos específicos: unha vivenda tutelada para mulleres vítimas que padecen enfermidades mentais, que xestiona a Asociación Saúde Mental A Mariña e que é a primeira destas características que hai en Galicia e unha das primeiras de España, e outras tres vivendas de seguridade para vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual en Santiago de Compostela, Ourense e Lugo. Das dúas primeiras ocúpase Cáritas e da terceira, Aliad-Ultreia.

Nestes recursos facilítase un apoio integral e foméntase a autonomía persoal das vítimas, así como a súa saída do círculo de violencia. Para iso, proporcionánselles tanto a elas como aos seus fillos e fillas un espazo de protección e de recuperación.

A Xunta destina este ano á loita contra a violencia de xénero 24 millóns de euros, un 15% máis que o ano anterior.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA IMPULSA CON NOVAS MEDIDAS A SUSTENTABILIDADE, A INNOVACIÓN E A MODERNIZACIÓN DO SECTOR MINEIRO

- A Consellería de Economía e Industria asinará convenios de colaboración coas entidades e asociacións máis representativas do sector mineiro para fomentar a seguridade e a saúde neste sector e potenciar a Oficina de Impulso de Proxectos Europeos
- Tamén se recollen actuacións específicas para a promoción do patrimonio xeolóxico de Galicia, o fomento do sector da lousa ou sector cerámico
- Todas as actuacións se enmarcan na Axenda de impulso da minaría sustentable de Galicia 2030

O Consello da Xunta deu conta esta mañá das novas medidas que se porán en marcha para impulsar a sustentabilidade, a innovación e a modernización do sector mineiro ao longo deste ano 2024. Todas estas actuacións se enmarcan na Axenda de impulso da minaría sustentable de Galicia (AMSG) 2030.

Así, a Consellería de Economía e Industria vai asinar catro convenios con algunhas das entidades e asociacións máis representativas deste sector, para fomentar a seguridade e a saúde no ámbito da minaría en Galicia.

Ademais, tamén se recollen actuacións para a captación de fondos para proxectos de investigación, innovación e modernización a través da Oficina de Impulso de Proxectos Europeos (OIPE) dedicada ao asesoramento ao sector mineiro, a promoción do patrimonio xeolóxico e mineiro, o fomento do sector da lousa ou a promoción e mellora da seguridade no sector cerámico.

#### **Principais actuacións**

Dentro das actuacións para potenciar a Oficina de Impulso de Proxectos Europeos (OIPE) inclúese o asesoramento á Administración autonómica para mobilizar as empresas e impulsar o acceso ao financiamento europeo para proxectos aliñados coa Axenda de impulso da minaría sustentable de Galicia 2030; proporcionar asesoramento ao tecido empresarial e ás entidades do sector mineiro na preparación de proxectos de interese para concorrer a convocatorias do Plan de recuperación, transformación e resiliencia; apoio técnico e administrativo na xestión de fondos europeos, ou a creación dunha base de datos de proxectos que se poderían implantar en Galicia, recollidos a través das manifestacións de interese.

Por outra banda, a través da colaboración coa Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG), implantaranse medidas de fomento da sustentabilidade do sector mineiro e a promoción do patrimonio xeolóxico de Galicia, como a promoción da Plataforma Miliaría Sustentable de Galicia, ou actuacións específicas de promoción do patrimonio mineiro de Galicia, como o programa MinaTUR.

Finalmente, en canto ás medidas de fomento do sector da lousa, o Goberno galego e o Clúster da lousa de Galicia deseñarán e desenvolverán este ano un plan de medios a

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

nivel nacional co obxectivo de divulgar os fitos máis destacables das características técnicas da lousa de Galicia, e, no referido ao sector cerámico, a Xunta, en colaboración coa Asociación Galega de Ceramistas (Agacer), dará a coñecer á sociedade galega as oportunidades laborais que existen neste ámbito, co obxectivo de dinamizar este sector en auxe.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA DESTACA QUE A XUNTA ACTIVA 18 M€ PARA QUE O SECTOR GALEGO DA AUTOMOCIÓN CONTINÚE Á VANGARDA CON APOIOS A PROXECTOS DE INVESTIMENTO E EFICIENCIA ENERXÉTICA**

- Salienta que o obxectivo é apoiar á industria “nunha das súas grandes transformacións” nesta fase de transición cara unha mobilidade sostible
- Os apoios cobren tanto os custos de investimento en equipamentos ou elaboración de proxectos de futuro como os proxectos de renovables ou de aforro e eficiencia enerxética
- As axudas serán do 70% e ata un máximo de 300.000€ para os proxectos de investimentos en equipamentos ou elaboración de proxectos de futuro
- Para actuacións en proxectos de aforro e eficiencia enerxética, os apoios van do 35% ao 55%, en función da tipoloxía de empresa, e ata o 65% para proxectos de enerxías renovables, establecéndose unha axuda máxima de 700.000€
- O presidente salienta que se reforza así a aposta por un sector fundamental da economía de Galicia, “que suma máis de 200 empresas e preto de 25.000 empregos”, e que conforma unha das cadeas de valor máis completas de Europa

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou hoxe que o Goberno galego, a través da Consellería de Economía e Industria, activa unha nova liña de apoio extraordinario ao sector da automoción de Galicia para o ano 2024 co obxectivo de apoiar á industria “nunha das súas grandes transformacións” como é a transición á mobilidade sostible.

O Consello da Xunta coñeceu hoxe deste programa que contará cun orzamento de 18 millóns de euros para este ano na procura de potenciar a colaboración coa automoción galega promovendo unha cadea de valor dixital, verde e resiliente, capaz de facer fronte “aos retos importantes” que hai por diante e que implican “investimentos” para toda a cadea de valor.

A nova liña de axudas, en concorrencia non competitiva, da resposta ás situacións da industria da automoción de Galicia nesta transición. Para acadar a meta, o programa contribúe a facer fronte aos gastos das empresas este mesmo ano.

Así, tal e como explicou o presidente, para os proxectos de investimentos en equipamentos ou elaboración de proxectos de futuro, “as axudas serán do 70%, cun máximo de 300.000 euros”. E para actuacións en proxectos de aforro e eficiencia enerxética, “os apoios van do 35% ao 55%”, en función da tipoloxía de empresa, e ata o 65% para proxectos de enerxías renovables, establecéndose unha “axuda máxima de 700.000 euros”.

O prazo de presentación de solicitudes abrirá o vindeiro 8 de xullo, permanecendo activo ata o 31 de outubro no caso dos proxectos de futuro e de investimento en equipamentos,

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

e ata o 2 de setembro para as iniciativas centradas na eficiencia enerxética e nas renovables.

Deste xeito, a Xunta reforza a súa aposta por un sector fundamental da economía de Galicia “ao representar máis do 13% do PIB, que suma máis de 200 empresas e preto de 25.000 empregos”, indicou Rueda. A automoción galega sempre ten estado á vangarda do sector con iniciativas orientadas cara o automóbil do futuro.

Cómpre lembrar que o sector afronta unha das transformacións máis grandes da súa historia, na que a transición xusta ou a electrificación son puntos centrais do cambio de paradigma. Un escenario no que a Unión Europea fixou no 2035 a data para que os novos turismos e furgonetas no mercado sexan de cero emisións.

Sobre esta base, as empresas automobilísticas galegas están a dar os pasos necesarios cara unha mobilidade con máis infraestruturas; na que se impulsen os vehículos non contaminantes; máis intelixente; máis eficiente e segura; e máis competitiva. Un contexto no que esta nova liña busca facilitar esta transición, actuando como un primeiro escudo de apoio.

Ademais, a Xunta traballa no plan director da automoción, que recollerá as medidas, mecanismos e medios necesarios para reforzar un sector no que Galicia xa é un referente, fomentar a súa internacionalización e sustentabilidade, impulsar a innovación industrial, captar novos investimentos e incrementar o emprego.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA AMPLÍA A SÚA INFRAESTRUTURA TECNOLÓXICA PARA GARANTIR A DISPOÑIBILIDADE E O INCREMENTO DOS SERVIZOS DIXITAIS

- O Consello do Goberno galego aprobou hoxe un acordo marco que permitirá adquirir novos servidores para os centros de procesos de datos da Administración
- O contrato, cun valor estimado de 33,3M€, está destinado á compra tanto de servidores tradicionais como de nova xeración, que permitirán incrementar a eficiencia e os tempos de resposta na xestión dos servizos dixitais
- A renovación deste equipamento é un proceso crucial para evitar a obsolescencia tecnolóxica, fortalecer a seguridade e a dispoñibilidade do servizos

O Consello do Goberno galego aprobou hoxe un acordo marco para ampliar o parque de servidores dos seus centros de proceso de datos. O contrato permitirá adquirir tanto servidores tradicionais como servidores de nova xeración, que posibilitan o uso de diferentes solucións tecnolóxicas, o que mellora a eficiencia e os tempos de resposta deste equipamento, que dá soporte aos sistemas, servizos e aplicacións de toda a Administración autonómica, tanto a nivel interno, para o traballo diario dos empregados públicos da Administración, xeral, xustiza e educación, como para todos os galegos e galegas.

O acordo, cun valor estimado de 33,3 millóns de euros (IVE incluído) por dous anos, está dividido en catro lotes e establece un único provedor por lote. A compra de servidores de nova xeración que empregan tecnoloxía de hiperconverxencia permitirá unha mellor xestión dos recursos e unha maior capacidade de crecemento en función das necesidades e tamén un aforro de custos de mantemento a longo prazo. O contrato inclúe tamén a adquisición doutro equipamento avanzado (GPUs) que reforzará a capacidade de computación da Administración autonómica para impulsar iniciativas de intelixencia artificial.

Con este acordo marco, a Xunta fortalecerá a infraestrutura existente, asegurando un crecemento eficiente e efectivo para satisfacer as necesidades presentes e futuras. Esta medida é parte dunha estratexia a longo prazo para investir en tecnoloxía avanzada que apoie o crecemento e a innovación dentro da Administración autonómica.

Está previsto que os dous primeiros contratos derivados deste acordo marco se tramiten este ano, un destinado á adquisición de servidores para a plataforma de correo electrónico corporativo e outro para a compra de novos servidores para servizos tecnolóxicos de diferentes departamentos da Xunta de Galicia.

#### **Infraestruturas clave para a prestación dos servizos dixitais**

A renovación dos servidores fortalecerá a seguridade e a dispoñibilidade do servizos e reducirá os posibles problemas operativos. Este proceso é crucial para evitar a

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

obsolescencia tecnolóxica e manter a infraestrutura ao día con estándares de seguridade e rendemento.

Este equipamento é clave para o desenvolvemento das iniciativas de dixitalización de todas ás áreas da Administración autonómica, desde as relativas á administración dixital como a sede electrónica, que rexistra xa preto do 87% das xestións que realizan os galegos coa Administración, ao ámbito xudicial, en que o 100% das salas de vistas están dixitalizadas e se asinan diariamente máis de 27.000 documentos, ou no eido educativo, garantindo a dispoñibilidade do libro dixital para máis de 60.000 rapaces e rapazas e máis de 900 profesores, no eido do benestar, en que a historia social única electrónica facilita o labor de 900 profesionais, no ámbito dos sectores primarios, coa dixitalización das lonxas e a plataforma agroforestal de Galicia, e no eido da mobilidade, co Plan e-mobility.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DÁ UN NOVO PULO Á AUTOVÍA TUI-A GUARDA COA APROBACIÓN DO PROXECTO DE TRAZADO DO DESDOBRAMENTO DA PO-552 EN FIGUEIRÓ, NO CONCELLO DE TOMIÑO**

- Coa aprobación hoxe deste proxecto complétase todo o trazado da vía de alta capacidade, despois de que no mes de febreiro se aprobase o treito entre a PO-350 e Estás
- O Goberno galego autoriza tamén o proxecto de trazado de adaptación dos camiños de servizo previstos na reformulación do proxecto para converter en autovía o actual treito da PO-552, entre a glorieta de Goián e o acceso ao núcleo de Estás
- A Xunta destinará a esta actuación un investimento que supera os 11,5M€ co obxectivo de mellorar a seguridade viaria e a mobilidade na denominada recta de Figueiró, que soporta uns 14.700 vehículos de media diaria
- Autorízanse as expropiación para executar as obras necesarias no treito de 2,1 km da PO-552
- O Goberno galego segue traballando para que a nova autovía Tui–A Guarda sexa unha realidade no marco da súa política de conseguir unha Galicia mellor vertebrada, máis cohesionada e máis competitiva
- Considerando todos os treitos, o eixe de alta capacidade para vertebrar o Baixo Miño supón un investimento de máis de 180 M€, dos cales 85 xa están executados

O Consello da Xunta acordou hoxe avanzar no impulso da autovía Tui-A Guarda coa aprobación do proxecto de trazado do desdoblamento da estrada PO-552 en Figueiró, no concello de Tomiño. Coa aprobación deste proxecto complétase todo o trazado da vía de alta capacidade, despois de que no mes de febreiro se aprobase o treito entre a PO-350 e Estás.

O Executivo autonómico autorizou tamén hoxe o proxecto de trazado de adaptación dos camiños de servizo previstos na reformulación do proxecto para converter en autovía o treito de 2,1 quilómetros da estrada PO-552, no tramo comprendido entre o acceso ao núcleo de Estás -en que comeza o treito da vía de alta capacidade entre Tui e A Guarda, actualmente en servizo- e a glorieta de Goián.

O Goberno galego destinará a esta actuación un investimento que supera os 11,5M€ co obxectivo de mellorar a seguridade viaria e a mobilidade da PO-552 na denominada recta de Figueiró, que soporta uns 14.700 vehículos de media diaria, e prevé unha glorieta intermedia que conecte coa parroquia do mesmo nome.

A aprobación definitiva destes proxectos comporta tamén a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dos 125 terreos necesarios para executar esta intervención.

A intervención autorizada hoxe polo Goberno galego permitirá actuar no treito da actual vía autonómica, entre os puntos quilométricos 57+760 e o 59+860, desde a glorieta proxectada en Estás e a existente en Goián, na cal enlazan a PO-552, o treito en

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

servizo da vía de alta capacidade Tui que conecta coa Guarda e a ponte internacional de Goián–Vilanova de Cerveira.

Esta autovía contará con 2 carrís de circulación para cada sentido, con dúas calzadas separadas entre si e con acceso limitado para reforzar a seguridade viaria, habilitando pasos inferiores e camiños de servizo desde as propiedades lindeiras.

Executaranse 3 glorietas para permitir os xiros en condicións de máxima seguridade: a glorieta de Goián, a de Figueiró e a de Estás, e realizarase un ramal directo de incorporación desde a estrada autonómica PO-553, que vai desde Goián á fronteira portuguesa, ademais dun ramal directo de conexión co treito xa en servizo da vía de alta capacidade entre Goián e A Guarda.

A tramitación das actuacións proxectadas requiriu de dous períodos de información pública debido á necesidade de recoller as suxestións tanto dos veciños como do propio Concello de Tomiño. De feito, deste proceso de concertación o propio Concello viu a oportunidade de desenvolver un polígono agroforestal apoiándose na vía desdobra, e o proceso de coordinación de ambas as actuacións fixo necesario un maior tempo de tramitación, de modo que casasen perfectamente ambas as iniciativas.

Todos os novos camiños e conexións no ámbito do proxecto terán a categoría de rede local, excepto o treito que se desdobra da PO-552 a as súas glorietas de conexión, que formarán parte da rede autonómica, xa que forman parte directa da conexión coa República Portuguesa.

### **185M€ para vertebrar o Baixo Miño**

O Goberno galego, no marco da súa política de conseguir unha Galicia mellor vertebrada, máis cohesionada e máis competitiva, segue traballando para que esta nova autovía Tui–A Guarda sexa unha realidade, e avanza tanto desde o punto de vista administrativo -culminando a tramitación dos proxectos- como material, coa posta en servizo do enlace coa A-55 e o polígono de Areas, no mes de febreiro.

Exemplo deste traballo é a contratación das obras para a adaptacións das vías situadas na contorna deste enlace á nova configuración da circulación desta nova conexión da autovía. As obras foron adxudicadas este pasado venres, día 28, por máis de 955.000 euros. Trátase de actuar no treito da N-551 que discorre entre as interseccións do antigo enlace da autovía e que pasará a ser de titularidade autonómica, construíndo beirarrúas, reordenando o aparcadoiro ou colocando nos vaos peonís pavimento táctil. Estas obras comezarán previsiblemente na segunda quincena de xullo.

Tamén no mes de febreiro o Executivo autonómico aprobou o proxecto de trazado do treito da autovía Tui-A Guarda entre a estrada PO-350 e Estás, no concello de Tomiño. Este proxecto suporá un investimento autonómico de máis de 78 M€ e permite desenvolver un novo tramo da autovía, que avanza polo concello de Tomiño, continuando a mellora da mobilidade da comarca do Baixo Miño.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, tamén se está a finalizar a redacción do proxecto do treito da autovía entre o enlace de Areas e a estrada PO-350, co obxectivo de prolongar a vía e duplicar o paso inferior de acceso ao polígono, de modo que dea funcionalidade a un enlace completo, tamén en sentido A Guarda. Proximamente, iniciarase a supervisión técnica do proxecto coa previsión de poder licitar as obras a finais deste ano.

Hoxe o Goberno galego aprobou, ademais, este proxecto de desdoblamento da PO-552 entre Estás e Goián, para completar a autovía ata enlazar co treito 3, xa en servizo.

Considerando todos os treitos, o eixe de alta capacidade para vertebrar o Baixo Miño supón un investimento de máis de 180 millóns de euros, dos cales 85 millóns xa están executados.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DO SEGUNDO POLÍGONO DE SAN PAIO DE NAVIA EN VIGO, POR UN INVESTIMENTO DE PRETO DE 16,4 M€**

- O Goberno galego licitará os traballos de urbanización dos 106.361 m<sup>2</sup> do polígono 2, co obxectivo de habilitar solo para a construción de 719 vivendas protexidas, así como crear 311 prazas de estacionamento público e 10 para persoas de mobilidade reducida
- A Xunta construírá 259 vivendas de promoción pública no polígono 1, das cales 163 se poderán adxudicar proximamente, pois están á espera de licenza municipal
- O proxecto de urbanización dos 59.366 m<sup>2</sup> do polígono 3, co obxectivo de albergar 147 vivendas máis, foi presentado ao Concello e está en tramitación para a súa aprobación
- En total, o investimento público e privado previsto na ampliación de San Paio de Navia é de aproximadamente 303 M€, aos cales haberá que sumar o investimento nas parcelas comerciais e de equipamento, ademais da construción dun instituto por parte da Xunta
- A ampliación de San Paio de Navia permitirá construír preto de 1.600 vivendas protexidas na cidade de Vigo

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe á contratación das obras de urbanización do segundo polígono de San Paio de Navia, no concello de Vigo, por un investimento autonómico de preto de 16,4 M€.

O Goberno galego dá un novo paso máis para o reforzo do parque residencial da cidade, acometendo o acondicionamento do polígono 2, fases A e B de San Paio de Navia, que conta cunha superficie total de 106.361 metros cadrados e que permitirá a construción dun total de 719 vivendas protexidas.

Baixo a licitación do contrato autorizado hoxe polo Executivo autonómico prevense os traballos e as obras de urbanización necesarios para a completa execución do proxecto de urbanización deste segundo polígono. En concreto, a fase A comprende o acondicionamento de 44.583 m<sup>2</sup> para acoller 337 vivendas, e a fase B, que supón a urbanización de 61.832 m<sup>2</sup>, para acoller 382 vivendas.

Nos traballos de acondicionamento teranse en conta o proxecto de dotación de aparcadoiros para o conxunto do polígono 2, que sumarán 311 prazas de estacionamento público e 10 para persoas de mobilidade reducida, das cales corresponden 180 (6 para persoas de mobilidade reducida) para a fase A e 131 (4 para persoas de mobilidade reducida) para a fase B.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os traballos obxecto da licitación das obras autorizadas hoxe son os de movemento de terras e pavimentación, sinalización de vías e semaforización, rede de abastecemento e saneamento, rede de enerxía eléctrica, rede de iluminación, rede de gas, rede de telecomunicacións, accesibilidade, xardinaría e equipamento urbano.

### **Urbanización de San Paio de Navia**

Os terreos necesarios para a urbanización están todos adquiridos pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Cómpre lembrar que a superficie total da ampliación dos tres polígonos de San Paio de Navia é de 264.892 m<sup>2</sup>, e que xa se iniciaron a finais do ano pasado as obras de urbanización do polígono 1, que se desenvolverán de forma paralela aos traballos construtivos dos edificios residenciais. A Xunta construírá 259 vivendas de promoción pública neste polígono, das cales 163 se poderán adxudicar proximamente, pois están á espera de licenza municipal.

A estes traballos engádese a licitación das obras de acondicionamento do polígono 2 autorizadas hoxe polo Goberno galego, que se completarán co proxecto de urbanización dos 59.366 m<sup>2</sup> do polígono 3, co obxectivo de albergar 147 vivendas máis. O proxecto de acondicionamento do polígono 3 xa foi presentado ao Concello de Vigo e está en tramitación para a súa aprobación.

A Xunta ten previsto investir arredor de 39 millóns de euros nas obras de urbanización dos tres polígonos e o investimento estimado para a construción das vivendas previstas en San Paio de Navia é de aproximadamente 240 millóns de euros. Este investimento será realizado por promotores privados, cooperativas e pola propia Xunta.

En total, o investimento público e privado previsto na ampliación de San Paio de Navia é de aproximadamente 303 millóns de euros, aos cales haberá que sumar o investimento nas parcelas comerciais e de equipamento. Nunha parcela de equipamento está prevista, ademais, a construción dun instituto por parte da Xunta.

A ampliación de San Paio de Navia permitirá construír preto de 1.600 vivendas protexidas, das cales 719 estarán no polígono 2, para o cal e preciso licitar as obras de urbanización autorizadas hoxe no Consello da Xunta.

Cómpre subliñar que unha parte importante das vivendas que se constrúan en San Paio de Navia serán de promoción pública, construídas pola Xunta, e contarán con parte de fondos do Programa de construción de vivendas de alugueiro social de edificios enerxeticamente eficientes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. Outra parte serán vivendas de protección autonómica construídas por cooperativas ou promotores privados.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINA 5,1 M€ Á ADQUISICIÓN DE TUBOS DE EXTRACCIÓN DE SANGUE E OUTRO MATERIAL PARA GARANTIR A RASTREXABILIDADE DAS ANALÍTICAS REALIZADAS NOS CENTROS SANITARIOS GALEGOS**

- Destinaranse ás sete áreas sanitarias e permitirán manter os estándares de calidade e de seguridade no proceso de extracción, transporte e análise de mostras biolóxicas
- O contrato terá unha duración inicial de tres anos e prevese a posibilidade de prórroga durante dous máis

O Consello da Xunta autorizou esta mañá o novo expediente de contratación do Servizo Galego de Saúde para a adquisición de tubos de extracción por baleiro, sistemas de rastrexabilidade e neveiras-contedores, con destino ás sete áreas sanitarias da rede pública galega. O Executivo autonómico investirá 5,1 millóns de euros para garantir a realización, o transporte e a análise de mostras biolóxicas extraídas nos diferentes centros do Servizo Galego de Saúde.

O contrato autorizado terá unha duración inicial de tres anos e prevese a posibilidade de prórroga durante dous máis.

Distribuído en 9 lotes, trátase da segunda compra centralizada que se fai deste tipo de material. Así, agárdase que con esta modalidade de contratación se acade un aforro de máis de 69.000 euros ao ano e de preto de 350.000€ -de estenderse o contrato durante 5 anos-.

Con este expediente, a Xunta dará resposta ás necesidades dos centros de saúde e hospitais galegos e ás das distintas especialidades dos seus laboratorios (Bioquímica, Hematoloxía, Microbioloxía, Xenética, Inmunoloxía).

En concreto, o primeiro dos bloques deste contrato inclúe a compra dunha ampla gama de tubos de extracción que posúen características diferenciadas, segundo os tipos de mostra que require cada técnica analítica: soro, plasma, sangue total, separación celular, etc.

Entre eles destacan os tubos de bioquímica sen anticoagulantes -empregados para a medición do colesterol, a glicosa ou marcadores tumorais-; os tubos de citrato -para a obtención de información relacionada coa coagulación do sangue-; a compra de tubos de EDTA -destinados á realización de hemogramas e ao estudo das células do sangue-, ou os tubos con heparina de sodio e de litio -para a realización de análises bioquímicas-.

Por outra banda, o contrato incorpora un bloque referido á adquisición de tubos de coagulación, e unha terceira epígrafe cuxa finalidade é a compra de neveiras-contedores con sondas integradas para garantir o proceso de xestión e rastrexabilidade durante a fase preanalítica o que permite a monitorización das mostras, dos tempos e

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

das súas temperaturas, desde os puntos de extracción ata a súa chegada aos laboratorios de referencia.

Coa adquisición deste material, o Servizo Galego de Saúde seguirá a manter os máximos estándares da calidade asistencial e de seguridade no que atinxe á recollida de mostras biolóxicas e á súa posterior análise nos laboratorios da rede pública galega.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DESTINA MÁIS DE DOUS MILLÓNS DE EUROS Á MELLORA DA TOTALIDADE DAS BASES E INSTALACIÓNS DO 061

- Melloraranse as infraestruturas nas localidades da Coruña, Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, Monforte de Lemos, Foz, Ourense, Pontevedra, Vilagarcía de Arousa, Vigo e Mos
- O proxecto tamén inclúe melloras nas instalacións da Central de Coordinación, situada na Estrada

O Consello da Xunta deu o visto e praxe ao acordo polo que se aproba o Plan de reforma, modernización, accesibilidade, adaptación e adecuación das bases e das infraestruturas da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061. O conxunto destas actuacións suporá un investimento estimado de 2.025.000 euros e a súa execución está prevista para o período 2024-2026.

O Executivo galego levará a cabo melloras nas bases medicalizadas e de enfermaría de que dispón o 061 en Galicia. En concreto, actuarase nas bases das localidades da Coruña (dúas bases), Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, Monforte de Lemos, Foz, Ourense (dúas bases), Pontevedra, Vilagarcía de Arousa, Vigo e Mos.

Entre estas actuacións destacan os 500.000 euros que se destinarán á ampliación da superficie, redistribución de espazos e mellora enerxética da base do 061 no Hospital de Conxo.

Tamén se destinarán 250.000 euros para mellorar a cuberta e o sistema de canalización da base de Ferrol e 225.000 euros para mellorar a accesibilidade e o aparcadoiro da base de Monforte de Lemos. Ademais, renovaranse diferentes elementos estruturais, os sistemas de fontanaría e a electricidade en diferentes bases do 061.

Xunto co anterior, o proxecto tamén inclúe actuacións nas instalacións da Central de Coordinación, situada na Estrada. Neste caso, realizarase un investimento de 425.000 euros para reorganizar o seu interior, renovar o seu sistema de climatización e reformar as súas instalacións eléctricas.

#### **Aumento sucesivo de recursos**

Desde a creación do servizo público de urxencias extrahospitalarias, no ano 1995, produciuse un progresivo incremento de recursos, tanto humanos como asistenciais, que fan necesaria a ampliación e mellora das bases das ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado (SVA) medicalizadas e de enfermaría, así como das dos helicópteros medicalizados.

As melloras aprobadas hoxe polo Consello da Xunta non só beneficiarán as zonas onde se encontran os vehículos e as aeronaves, senón tamén os espazos destinados ao



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

traballo, á docencia e ao descanso dos profesionais sanitarios de Urxencias Sanitarias de Galicia-061.

A Xunta programa estas melloras necesarias para que todas as instalacións e equipamentos se encontren debidamente actualizados e adaptados a través deste plan de infraestruturas nas diferentes bases e instalacións.

A Rede de transporte sanitario urxente de Galicia-061, que asiste as urxencias e as emerxencias sanitarias as 24 horas do día e os 365 días do ano, ampliouse das oito ambulancias asistenciais de servizo vital avanzado medicalizadas no ano 1997 ata as actuais 12 ambulancias asistenciais de servizo vital avanzado medicalizadas e as cinco ambulancias asistenciais de servizo vital avanzado de enfermaría.

Ademais, o 061 xestiona os dous helicópteros medicalizados con que conta a sanidade pública galega, un con base en Santiago de Compostela e outro na cidade Ourense.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA USARÁ RECREACIÓNS VIRTUAIS DA CATEDRAL DE SANTIAGO E DO TEMPLO DE SANTALLA DE BÓVEDA PARA COÑECER O IMPACTO DOS FLUXOS DO AIRE NO PATRIMONIO

- O Consello valora o convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, lingua e Xuventude co Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia para a creación de xemelgos dixitais en que facer estas probas
- O obxectivo do Goberno galego coa aplicación desta tecnoloxía é anticiparse a situacións adversas e garantir actuacións que preserven estes bens protexidos

A Xunta de Galicia empregará recreacións virtuais da Catedral de Santiago de Compostela e do Templo romano de Santalla de Bóveda de Mera (Lugo) para coñecer o impacto dos fluxos do aire na conservación de ambos os dous patrimonios protexidos, co obxecto de predicir posibles situacións adversas nestes bens e actuar con antelación para protexelos. Para iso, o Consello da Xunta valorou o convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude co Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia para a creación destes xemelgos dixitais nos cales facer estas probas.

Trátase dun convenio que vai permitir mellorar a xestión do patrimonio cultural destes dous bens. Neste sentido, o prazo de execución para a creación das reproducións virtuais destes inmobles prevese que sexa de 18 meses e suporá un investimento por parte do Goberno galego de 162.000 euros repartidos en tres achegas anuais entre 2024, 2025 e 2026. Estas dúas actuacións contan co financiamento do Programa de redes territoriais de especialización tecnolóxica, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia dos *FondosNextGeneration* da Unión Europea.

O convenio valorado hoxe polo Consello da Xunta ten por obxecto executar o Proxecto Rede do Patrimonio do Coñecemento, presentado pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude á convocatoria do Programa redes territoriais de especialización tecnolóxica do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, co obxecto de mellorar a xestión do patrimonio cultural co uso de tecnoloxías avanzadas e procesos de dixitalización, como as recreacións virtuais que se van levar a cabo.

#### **Actuación na Catedral de Santiago**

A recreación virtual da Catedral de Santiago supón completar o proxecto que o Goberno galego e o Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia realizaron con éxito ao longo dos anos 2022 e 2023 para o desenvolvemento dun modelo matemático que describise correctamente a dinámica de fluxos de aire no interior deste ben cultural sobranceiro.

Con este convenio dáse un paso máis, ao ter por obxecto desenvolver a construción dunha recreación que permita visualizar, a través da incorporación de datos en tempo real, como afectan a humidade e temperatura —entre outros factores— a catedral, ao

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

tempo que permite controlar e supervisar os fluxos de aire en diferentes zonas do seu interior.

Finalmente, isto traducirase no deseño dunha plataforma á cal se poderá acceder vía web, aplicación móbil ou calquera outro medio tecnolóxico que lles proporcione un acceso áxil á información aos técnicos, que serán as persoas encargadas da toma de decisións encamiñadas a predicir determinadas situacións, a solucionar problemas ou para actuar no deseño e na execución de futuras intervencións, sempre co interese da máxima protección e conservación deste ben.

### **Actuacións no Templo romano de Santalla de Bóveda**

O Templo romano de Santalla de Bóveda tamén contará cunha recreación virtual para o estudo e a predición da circulación de aire. Trátase dun ben de interese cultural con categoría de monumento histórico artístico, localizado no concello de Lugo.

Neste caso, o obxectivo principal da recreación é a obtención de variables físicas como a humidade e a temperatura e os fluxos do aire. Todas elas, entre outros factores, xogan un papel importante que cómpre ter en conta nas posibles accións que se van acometer para a conservación deste monumento.

A obtención destas variables farase de forma non invasiva mediante a utilización dun modelo computacional que vai permitir predicir o comportamento do monumento ante determinadas condicións ambientais e, deste xeito, anticipar a toma de decisións que conduzan á súa correcta conservación.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA IMPULSA A ACELERADORA DE PROXECTOS 'XERME ECOMMERCE' DENTRO DA REDE DE POLOS PARA DINAMIZAR A ECONOMÍA CON INICIATIVAS DE COMERCIO ELECTRÓNICO

- O Consello do Goberno galego deu luz verde á sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e o Clúster do Ecommerce Galego para desenvolver por vez primeira unha aceleradora de proxectos deste tipo
- Co obxectivo de difundir, promover e fomentar a cultura emprendedora no ámbito do *ecommerce*, apostarase pola formación e pola mentorización no proceso de deseño, desenvolvemento e posta en marcha de iniciativas de comercio electrónico
- Beneficiaranse do programa para aumentar a súa competitividade 20 proxectos escollidos preferentemente da Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego, que mañá mesmo acadará os 14 centros activos coa apertura do de Sarria
- Por iniciativas como esta, Galicia recibiu o premio á 'Rexión Emprendedora Europea 2025', que recoñece a estratexia da Xunta a prol da creación de actividade empresarial que contribúa a xerar riqueza e emprego e a fixar poboación

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e o Clúster do Ecommerce Galego para pór en marcha por vez primeira o Programa de formación para o emprendemento no *ecommerce Xerme Ecommerce*, no marco da Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego. Cun orzamento de 120.000 euros, trátase dunha aceleradora de proxectos que botará man de profesionais en activo do mundo do comercio electrónico para que un total de 20 iniciativas -seleccionadas de xeito preferente entre as atendidas na Rede de polos- aprendan a lanzar, xestionar e rendibilizar os seus negocios en liña.

En concreto, os participantes beneficiaranse dun programa de formación e mentorización no proceso de deseño, desenvolvemento e posta en marcha en Galicia de iniciativas empresariais de comercio electrónico, así como de proxectos de base tecnolóxica ou outros servizos relacionados, co obxectivo de dinamizar a economía con propostas innovadoras que melloren a competitividade do noso tecido produtivo ao tempo que fan fronte aos novos retos tecnolóxicos.

A finalidade é difundir, promover e fomentar a cultura emprendedora no ámbito do *ecommerce*. Así, apóstase tanto por crear novas iniciativas de emprendemento no eido do comercio electrónico como por que negocios existentes accedan ás posibilidades de crecemento e expansión que ofrece a comercialización dixital.

#### **Fases do *Xerme Ecommerce***

O programa *Xerme Ecommerce* arrinca coa creación dunha marca propia e coa difusión da iniciativa e, nunha segunda fase, coa captación de 20 proxectos participantes, preferentemente de entre os atendidos na Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego. O programa disporá de máis de 400 horas de formación e mentorización.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

*Xerme Ecommerce* estará estruturado en tres fases. Nunha primeira fase realizaranse unha serie de obradoiros nos cales os emprendedores traballarán as súas respectivas ideas de negocio, contando cunha titorización personalizada que os guiará ata chegar a desenvolvelas na seguinte fase.

Así, na segunda fase os participantes irán dando forma aos seus proxectos seguindo un programa que estará composto por sete sesións docentes sobre distintos temas, que lles permitirán converter as súas ideas en modelos de negocio con encaixe no mercado. Os emprendedores contarán cun banco de 200 horas que poderán distribuír en función das súas necesidades, para aclarar conceptos e dúbidas sobre cuestións técnicas relacionados coa formación impartida.

Por último, a terceira fase será a da presentación dos diferentes proxectos, para o cal as persoas participantes tamén recibirán formación específica sobre técnicas e ferramentas de comunicación. Cada proxecto recibirá unha atención personalizada dun mentor, que o acompañará no proceso de elaboración da súa presentación.

Cómpre engadir que o Clúster do Ecommerce Galego é a asociación das empresas da nosa comunidade que se dedican a vender a través da internet. As integrantes únense para compartir coñecemento, experiencia, ferramentas e custos, favorecendo así o desenvolvemento do talento e da competitividade das empresas galegas mediante o apoio, incentivo e promoción do comercio electrónico con iniciativas como a aprobada hoxe no Consello. Deste xeito, a través do Clúster promóvese que convivan empresas nativas dixitais con empresas físicas que teñen unha importante actividade en liña, facilitando a aprendizaxe mutua.

### **Aposta polo emprendemento**

Dotado con 120.000 euros, o convenio está integrado no programa anual de actividades do Centro de Orientación, Emprendemento, Acompañamento e Innovación para o Emprego de Galicia que se prevé ter en funcionamento na Coruña neste 2024, e financiado pola Unión Europea a través do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Tamén se enmarca na Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego que, en case dous anos de vixencia, leva atendido máis de 2.000 iniciativas empresariais en toda Galicia. Mañá mesmo, 2 de xullo, inaugurarase en Sarria o seu centro número 14, para ofrecer asesoramento personalizado e de principio a fin dos proxectos a todas as persoas emprendedoras que o precisen.

Cabe destacar que o orzamento da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, para darlle un pulo ao emprendemento, incrementouse nun 51,6% con respecto a 2023, ata acadar os 30,6 millóns de euros este ano. Todas as accións da Xunta neste eido fixeron a Galicia merecedora do premio á *Rexión Emprendedora Europea 2025* pola súa aposta de dinamización e vertebración do territorio a través de nova actividade económica que contribúa a xerar riqueza e emprego e a fixar poboación.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA DESTACA QUE A XUNTA EXECUTA A TOTALIDADE DOS 200 M€ QUE RECIBIU GALICIA PARA ESTE PERÍODO DA PAC E BENEFICIA A MÁIS DE 24.100 GANDEIROS E AGRICULTORES**

- Salienta ao Goberno autonómico coma exemplo de “axilidade e boa tramitación”
- A Xunta aboou en xuño os últimos importes, que se conceden a agricultores ou gandeiros que subscriban, de forma voluntaria, compromisos beneficiosos para o desenvolvemento sustentable
- A conselleira do Medio Rural salienta “o compromiso” dos agricultores e gandeiros galegos coa protección da natureza e a sostibilidade

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, salientou hoxe que Galicia xa executou “o 100%” dos máis de 211 millóns de euros que recibiu Galicia para este período da PAC, que permiten beneficiar “a máis de 24.100 solicitantes”. Rueda salientou que, deste xeito, o Goberno galego é “un bo exemplo” de “axilidade e boa tramitación” das axudas.

Así o indica o proxecto de acordo sobre a tramitación dos pagamentos das axudas agroambientais avaliado hoxe polo Consello da Xunta, dado que nos últimos días do mes de xuño se fixo efectivo o pagamento de preto de 25 millóns vinculados a estas achegas, o que supón case 5 millóns máis con respecto á campaña anterior.

Tal e como explicou a conselleira do Medio Rural, María José Gómez, as axudas agroambientais son aquelas que se lles conceden a agricultores ou gandeiros que subscriban, de forma voluntaria, compromisos beneficiosos para o desenvolvemento sustentable, a xestión eficiente de recursos naturais, a protección da biodiversidade, a potenciación dos servizos ecosistémicos ou a conservación dos hábitats e as paisaxes.

Estes compromisos poden referirse a cuestións como a xestión de pastos, a economía circular ou os cultivos sustentables. Inclúen tamén compromisos ecolóxicos -como a agricultura, o viñedo, a gandaría e a apicultura- e compromisos de conservación, vinculados co fomento e coa conservación de razas e variedades autóctonas. Teñen como finalidade compensar os custos adicionais e as perda de ingresos como consecuencia dos compromisos subscritos.

A conselleira explicou que nesta ocasión son case 6.000 as explotacións beneficiadas por este tipo de achegas, o que amosa o “compromiso coa natureza” dos agricultores e gandeiros galegos, un sector que, lembrou “protexe o noso territorio” e que é fundamental para a economía do rural galego.

Con respecto aos diferentes pagamentos da PAC da actual campaña, a Consellería do Medio Rural realizou, a finais de 2023, o pagamento da maior parte dos importes: case 140 millóns de euros. Así mesmo, a finais do mes de maio completouse o pagamento da totalidade do importe da axuda dos ecorrémicos, o que supuxo o desembolso de case 17 millóns de euros.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, na segunda quincena do mes de xuño, a Xunta comprometeuse a facer efectivos os pagamentos pendentes das axudas directas, que non podían ser executados na súa totalidade ata ter o valor dos importes unitarios que facilita o Ministerio. Neste mesmo período, polo tanto, tamén se efectuou o pagamento dos preto de 25 millóns de euros das axudas agroambientais, o que beneficiou un total de 5.930 expedientes.

Por outra banda, a conselleira informou de que para a vindeira campaña da PAC 2024 xa se recibiron unhas 23.400 solicitudes e que a Xunta volverá a reclamar reducir a carga burocrática á hora de pedir este tipo de achegas que, asegurou, “son de vital importancia para Galicia”. Así mesmo, seguirase solicitando tamén unha maior adaptabilidade do PEPAC (Plan Estratéxico da PAC) á realidade galega.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA E O MINISTERIO DE DEFENSA RENOVAN A SÚA COLABORACIÓN PARA VIXIAR OS MONTES GALEGOS FRONTE AOS INCENDIOS ESTE VERÁN

- O Consello do Goberno galego autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre Defensa e a Consellería do Medio Rural para incorporar 30 patrullas terrestres e dous equipos de mantemento móbil ao dispositivo de loita contra os incendios forestais, que serán financiados pola Xunta con 470.000 euros
- Con este acordo procúrase reforzar a vixilancia e a identificación dos incendiarios e búscase tamén que a propia presenza de medios militares no monte os disuada deste tipo de prácticas delituosas

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Ministerio de Defensa para reforzar a vixilancia nos montes galegos co obxectivo de disuadir e reducir a actividade incendiaria mediante a incorporación de 30 patrullas terrestres e de dous equipos de mantemento móbil do Exército.

A través deste acordo, que se asina todos os anos nestas datas, procúrase reforzar a vixilancia e identificación dos potenciais axentes causantes dos incendios, e búscase tamén que a propia presenza de medios militares no monte os disuada deste tipo de prácticas delituosas.

Así, Medio Rural financiará o importe dos gastos que se produzan con motivo desta colaboración. O orzamento previsto para o recoñecemento, despregamento, actividade operativa e substitucións da unidade das Forzas Armadas é de case 470.000 euros, unha cantidade idéntica á do pasado ano.

Pola súa banda, o Ministerio de Defensa levará a cabo os despregamentos operativos de patrullas terrestres –neste caso un total de 30– dentro da campaña de alto risco de incendios forestais. Ademais, diversificaranse as actuacións de control do territorio con cámaras e drons.

#### **Pladiga 2024**

O persoal do Exército, coñecido co nome de Operación Centinela Gallego, sumarase ao dispositivo de loita contra incendio, baixo o mando único da Xunta, que na tempada de alto risco acada máis de 7.000 efectivos despregados nos montes galegos. Deste xeito procúrase tamén a mellora da seguridade das persoas e os bens e, en xeral, a protección e a defensa da riqueza forestal da nosa comunidade autónoma fronte á ameaza dos lumes.

Isto vén completar o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga) que, na súa actualización deste ano, inclúe como novidades a adquisición de seis novas máquinas hidrostáticas polivalentes, compatibles para tarefas



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de prevención e extinción, a entrada en funcionamento neste mesmo verán da base de medios aéreos de Verín-Oímbra ou a ampliación da rede de vixilancia forestal coa instalación de 24 novas cámaras en 12 localizacións diferentes, chegando ata as 177 cámaras en 88 localizacións.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA FINANCIA CON MÁIS DE 5 MILLÓNS DE EUROS 47 PROXECTOS DIRIXIDOS Á MELLORAR INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS DE LONXAS E PORTOS PESQUEIROS**

- Os apoios permitirán avanzar na seguridade e condicións de traballo dos profesionais do mar e na eficiencia enerxética e protección ambiental, así como na conservación das descargas de peixe e marisco, e a súa rastrexabilidade
- Tamén se promoverán actuacións que lles permitan ás dársenas e ao resto de instalacións portuarias estar mellor preparadas para afrontar as inclemencias meteorolóxicas que poda provocar o cambio climático
- Agora financiadas baixo o Fempa, nas anteriores convocatorias da Consellería do Mar co Fondo Europeo, Marítimo e de Pesca (FEMP) apoiáronse máis de 450 proxectos colectivos por un importe superior a 21 millóns de euros

A Consellería do Mar destina máis de 5 millóns de euros a financiar un total de 47 proxectos dirixidos á modernización das infraestruturas dos portos, das lonxas ou establecementos autorizados para a primeira venda de produtos pesqueiros e dos lugares de desembarque. Estes apoios enmárcanse na orde de axudas publicadas no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) o pasado 28 de decembro e que forman parte das accións de mellora constante destas instalacións e dos equipamentos portuarios, co obxectivo de facilitar o labor diario dos profesionais do mar e impulsar a competitividade e rendibilidade do sector. Unha estratexia que se integra no Plan de equipamentos pesqueiros de Galicia 2030, que recolle un investimento total de 34,7 millóns de euros nese horizonte temporal.

Segundo analizou hoxe o Consello da Xunta, estes apoios permiten que confrarías, organizacións de produtores, cooperativas, agrupacións de interese económico do sector pesqueiro, asociacións de profesionais de persoas pescadoras, mariscadoras e redeiras poidan acometer actuacións que contribúan á mellora da eficiencia enerxética, da protección do ambiente e da seguridade e as condicións de traballo dos profesionais. Ademais, tamén se financian iniciativas en favor da conservación das descargas de peixe e marisco, a súa rastrexabilidade, a selección ou a etiquetaxe.

Despois de que a convocatoria do ano 2022 incluíse como subvencionables novas actuacións en materia de protección do ambiente e para contribuír a reducir a pegada de carbono, a principal novidade das que agora se porán en marcha por primeira vez financiadas polo novo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (Fempa) está en que se promoverán actuacións nas dársenas e no resto de instalacións portuarias e de primeira veda de peixe orientadas a estar mellor preparadas para afrontar as inclemencias meteorolóxicas.

Segundo se recolle no documento estratéxico de planificación ata 2030, é necesario establecer mecanismos de reforzo e modernización de infraestruturas e instalacións de portos pesqueiros, fondeadoiros e lugares de desembarque para afrontar eventos

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

inesperados que permitan mitigar as consecuencias do cambio climático. Isto supón contribuír a desenvolver portos resilientes.

### **Primeira convocatoria Fempa**

A orde ao abeiro da cal se concederon estes apoios sucede a que se lanzou a finais do 2022 ao abeiro do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) e que propiciou 69 actuacións por un importe superior aos 3,6 millóns de euros. Esta cantidade incrementouse nun 36% agora, baixo o financiamento do Fempa (que cobre o 70% do investimento) noutros 5 millóns de euros.

Desde o ano 2016, as convocatorias anteriores postas en marcha pola Consellería do Mar permitiron apoiar 468 proxectos colectivos por un importe superior aos 21 millóns de euros. Dentro destas actuacións houbo un total de 48 para proxectos de eficiencia enerxética e protección do ambiente que mobilizaron preto de 3,5 millóns de euros, neste caso concreto desde 2019 ata o que levamos de 2023.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA ABOARÁ ESTE MES O INCREMENTO SALARIAL DO 2% PREVISTO NO ACORDO SALARIAL ENTRE O GOBERNO CENTRAL E OS SINDICATOS

- O Goberno galego aplica a suba na próxima nómina, despois de que o Goberno central se demorase seis meses en autorizalo
- Este incremento adicional aplicarase con efectos do 1 de xaneiro de 2024 e suporá unha suba media de 782 € no salario dos empregados públicos autonómicos e un custo de 97 M€
- Sumado ao 0,5% de incremento que se aplicou en febreiro, consolida un crecemento anual do 2,5% no 2024

A Xunta aboará este mes de xullo aos empregados públicos autonómicos o incremento salarial do 2% das retribucións para compensar os efectos da inflación. A situación económica e social xerada polos conflitos de Ucraína e Oriente Próximo e a consecuente crise enerxética motivou un aumento do coste de vida polo impacto da inflación, o que provocou a posta en marcha de medidas para intentar paliar os efectos no poder adquisitivo dos empregados e empregadas públicos.

Esta medida estaba xa contemplada na disposición adicional oitava da Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, pero para a súa aplicación precisaba que o habilitara a normativa básica do Estado.

A Xunta aplica esta suba xa este mesmo mes, despois de que o Goberno central tardara medio ano en aprobar a norma que habilita este incremento, que establece a actualización das retribucións do persoal ao servizo do sector público.

Esta medida complementa a xa adoptada en febreiro deste mesmo ano, ao cumprirse a condición de crecemento do PIB prevista, o que supuxo un aumento do 0,5%, que determina que o incremento anual consolidado para os empregados públicos autonómicos sexa do 2,5% neste 2024.

#### **Salarios e custes**

Este incremento adicional aplicarase con efectos do 1 de xaneiro de 2024 e suporá unha suba media de 782 € no salario dos empregados públicos autonómicos e un custo de 97 M€, mentres que o incremento de febreiro supuxo de media 196 € máis na nómina dos empregados e un custo de 24 M€.

O 2,5% anual de incremento consolidado deste 2024 supón un custo para a Facenda pública de 121 M€ e un incremento salarial medio de preto de mil euros para os empregados públicos autonómicos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA MELLORA A ACREDITACIÓN DE PROBAS EN CASO DE AGRESIÓN SEXUAL AO POTENCIAR A COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O INSTITUTO DE MEDICINA LEGAL DE GALICIA

- Os procedementos previstos incidirán na garantía da cadea de custodia na recollida de mostras e outras evidencias que poidan contribuír á acreditación das violencias sexuais
- Profesionais do Instituto de Medicina Legal de Galicia formarán persoal da sanidade pública galega na atención destes casos
- O acordo marco de colaboración inclúe outras medidas no ámbito da morte súbita de persoas novas e da atención do suicidio

As consellerías de Presidencia, Xustiza e Deportes e de Sanidade informaron hoxe no Consello da Xunta da próxima sinatura dun novo acordo marco que permitirá afondar na colaboración entre o Servizo Galego de Saúde (Sergas) e o Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga) para mellorar a atención a vítimas de agresión sexual.

Actualmente o Sergas aplica o procedemento aprobado polo Observatorio Galego de Violencia de Xénero, cunha asistencia en condicións de privacidade, seguridade e confidencialidade en coordinación co persoal médico forense do Imelga. Para mellorar o proceso desde o punto de vista probatorio, abrírase unha liña permanente de colaboración para que a recollida de mostras e outras evidencias poidan contribuír á acreditación das violencias sexuais e que se garanta a cadea de custodia.

Neste sentido, está previsto mellorar os partes de lesións grazas á experiencia compartida entre ambas as entidades e coa intervención da Comisión de Documentación Clínica do Sergas. Desta forma, os partes adaptaranse ás diversas casuísticas que se poden dar nas situacións de violencia ou agresión sexual, incluíndo a violencia na infancia e adolescencia.

Outro ámbito de colaboración será a formación específica do persoal do Sistema público de saúde de Galicia implicado na atención destes casos. Así, a acreditada experiencia do persoal do Imelga pode resultar moi valiosa e enriquecedora de cara á mellora das capacidades dos profesionais da sanidade pública, mesmo coa posibilidade de establecer rotacións na formación dos médicos internos residentes (MIR) nese ámbito.

#### **Xenética e saúde mental**

Este acordo marco tamén inclúe a prevención da morte súbita a través de estudos xenéticos, xa que o Sergas dispón dunha unidade de referencia para o Sistema nacional de saúde para o manexo de pacientes con cardiopatías familiares, situada no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ante a morte inesperada ou morte súbita dunha persoa menor de 40 anos, é importante identificar miocardiopatías ou canalopatías con causa xenética para axudar os familiares vivos a prever outros casos. Iso conseguirase mediante a análise dunha mostra de sangue da persoa falecida e o establecemento dun protocolo para a derivación de pacientes a estudo xenético con autopsia médico-legal.

No marco do Plan de saúde mental de Galicia inclúese a automatización do intercambio de datos entre o Imelga e o Sergas en materias como a prevención e posvención de suicidios ou as mortes como consecuencia de reaccións adversas a drogas de abuso.

A Estratexia galega de saúde 2030 recolle o fomento da colaboración intersectorial e entre consellerías dentro das súas competencias e, así, as dúas entidades autonómicas colaborarán tamén na mellora da xestión dos certificados de defunción e en proxectos de investigación conxunta en materias de interese sanitario.